

Toural Diverso:

Coeducación nas diversidades.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	3
OBXECTIVOS	6
RECURSOS	6
ESTRUCTURA DO PROGRAMA: ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA	7
Accións Culturais e Colaboracións voluntarias	8
Accións Educativas e Remuneradas	¡Error! Marcador no definido.
ANEXOS: PROXECTOS E ORZAMENTOS	14
Anexo I AE1: Ferramentas Top! para aprender unha sexualidade con sentimento	15
Anexo II: AE2: Contando e creando cara á igualdade	17
Anexo III. AE3: Poñendo as gafas moradas, graduándonos contra a desigualdade.	20
Anexo IV. AE4: Redes e igualdade: miradas críticas sobre os usos de internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais". Para o alumnado	24
Anexo V . AE5 Por No(n) educar.	28
Anexo VI. AE6: Princesas, influencers e masculinidades disidentes.	31
Anexo VII: AE7 Redes e igualdade: miradas críticas sobre os usos de internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais". ESCOLA DE FAMILIAS. (modalidade presencial e en streaming)	36

INTRODUCCIÓN

A Asociación de Nais, Pais e Familias do CPI do Toural, ao gallo da convocatoria da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para asociación de Nais e Pais do alumnado de centros educativos de Galicia, -publicada no DOG nº 55 de 21 de marzo de 2022-, concorre á devandita subvención con este programa coeducativo "TOURAL DIVERSO, coeducación nas diversidades". Un programa que se estrutura a partir dunha serie de medidas concretas, resultado da colaboración entre o centro educativo, a súa ANPA e máis diferentes entidades da contorna local e autonómica, ocupadas e preocupadas polo traballo en prol da igualdade.

O proxecto é a continuidade do realizado o ano anterior, e constará dunha serie de accións culturais, formativas e informativas tanto para o alumnado das diferentes etapas educativas como para as familias. Este ano, a diferenza dos tres anteriores, traballarase en tódalas etapas educativas incluído a infantil.

Grazas a levar traballado durante tres anos no centro atendendo en primeiro lugar (curso 19-20) exclusivamente có alumnado que máis necesidade presentaba nese momento (a ESO) e posteriormente engadindo ao alumnado de primaria (cursos 20-21 e 21-22) nesta convocatoria imos poder chegar a etapa de infantil.

O Programa "*TOURAL DIVERSO, Coeducación nas diversidades*", presenta un carácter extremadamente colaborativo polas Entidades participantes no desenvolvemento do mesmo: entidades e asociacións do propio Concello de Vilaboa, entidades dos concellos limítrofes, entidades provinciais e autonómicas. Isto fai de "*TOURAL DIVERSO, Coeducación nas diversidades*", unha iniciativa cun carácter innovador polo cambio na perspectiva xa que será o alumnado o suxeito de cambio, polas propias características que presentan as accións e a interconexión co contexto, así como o seu carácter interdisciplinar e interxeracional. Levaranse a cabo proxectos lúdicos, como métodos teatrais, métodos audiovisuais de contidos na rede para visualizar en familia, presentados dun xeito lúdico e didáctico sempre dende a perspectiva de xénero, para desmontar estereotipos, atendendo ás diversidades sexuais, en prol da igualdade de todas as persoas por cuestións de identidades de xénero e sexualidades.

Tamén destacamos no carácter innovador do proxecto o feito de que as propias familias farán parte das colaboracións a través dunha achega educativa das nosas mariscadoras, nais do alumnado do CPI do Toural.

Atenderemos á conciliación das familias ofrecendo a modalidade de escola de familias en "streaming" ademais de presencial fomentando así unha maior participación mediante o noso canal de youtube "**Escola familias CPI Toural**"

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O proxecto "*Toural Diverso. Coeducación nas diversidades*" xurdiu no 2019 da necesidade de achegar á comunidade escolar a diversidade sexual e tivo a súa continuidade no 2020 e 2021, coas respectivas adaptacións debido á pandemia.

O proxecto que presentamos nesta convocatoria pretende dar **continuidade** ao proxecto dos anos anteriores, partindo das aprendizaxes, necesidades e retos atopados durante a súa implementación. Temos percorrido xa un trienio de traballo (2019-2021) grazas a esta subvención, co alumnado e familias e coa estreita colaboración da equipa directiva, de orientación e profesorado do propio centro escolar.

Desta colaboración e implicación por mellorar a convivencia da comunidade escolar dende unha perspectiva de xénero xorden as directrices do proxecto "Toural Diverso, coeducación nas diversidades" para o curso 22/23.

Valoramos positivamente o traballo desenvolvido nestes tres anos pero sobre todo valoramos positivamente as aprendizaxes e novos retos que fomos capaces de detectar para seguir traballando e focalizándonos nos aspectos da coeducación onde a experiencia dos obradoiros e actividades levados a cabo amósannos camiños para seguir profundando.

Incidiremos nas liñas de traballo onde as familias e axentes secundarios amosaron inxuedanzas, tales como:

-O preocupante consumo de pornografía en idades temperás a través das redes sociais e o seu impacto negativo na construción dunha sexualidade sa e non violenta, sobre todo cara as rapazas.

-As prácticas sexuais de risco que o noso alumnado adolescente pode estar levando a cabo, fíxonos plantexarnos nesta IV edición do proxecto Toural Diverso, coeducación nas diversidades, pedir a colaboración do Centro de Saúde, a través da súa Matrona e enfermeira, para achegar á rapazada os perigos de levar a cabo este tipo de prácticas sen a suficiente e necesaria información sobre as ETS e as súas consecuencias como embarazos non desexados, e informalos dos recursos dos que dispoñen para practicar sexo seguro.

-O feito de que o feminismo non este sendo entendido por parte do alumnado varón, como un movemento político e social que busca a igualdade de dereitos para mulleres e homes. por isto queremos incidir de novo na construción de masculinidades non tóxicas e dotar de referentes aos rapaces co obradoiro de novas masculinidades impartido por Pepe Cabido.

Todas estas inxuedanzas xurdiron grazas a unha maior implicación e concienciación do papel das familias como educadores e referentes para as nosas fillas e fillos.

Cabe destacar que un dos axentes que nos informou das necesidades do alumnado é Migallas Teatro a través da súa **Escola de Teatro de Vilaboa**, cunha traxectoria no noso concello de moitos anos traballando coa rapazada polo que son coñecedores da súa traxectoria vital e polo tanto das súas inxuedanzas e necesidades. Por isto van formar parte neste proxecto **cun obradoiro de teatro** no que a través de contos e actividades dramáticas traballaran a igualdade entre nenas e nenos, a integración, a perspectiva de xénero, os estereotipos e as novas masculinidades.

Grazas ao papel da **Anpa** como interlocutora entre as familias, o profesorado e axentes secundarios puidemos escoitar as necesidades específicas en materia de coeducación do alumnado do noso centro.

Con respecto ao papel das familias neste proxecto pretendemos dotar de ferramentas para a coeducación a través da **Escola de Familias** e ademais ofrecer recursos audiovisuais en materia de igualdade (estereotipos, desmitificar o amor romántico, a división sexual do traballo, o sexting, novas masculinidades...) a través da serie "Pílulas pola Igualdade" do canal de youtube do Comando Igualdade e proporcionárolles o link de varios podscat en materia afectivo-sexual da pedagoga e orientadora Luisa Abad.

Cabe destacar que por primeira vez tamén contaremos coa visita de mariscadoras de Vilaboa. Con esta, queremos pór en valor as mulleres do mar e dar visibilidade o papel que xogan na conservación dos océanos. Este compromiso que as mulleres teñen co mundo mariño, recollido na axenda 2030, fai que teñamos que falar da ausencia que teñen nos procesos de toma de decisión sobre o cambio climático polo que a maioría das iniciativas neste terreo están dirixidas por homes. Con todo, non podemos esquecer que a degradación dos recursos naturais prexudica de forma desproporcionada ás comunidades rurais.

Con este novo proxecto queremos dar respostas as necesidades do alumnado do noso centro educativo e fomentar a creación de espazos que permitan a formación de familias e alumnado. Se conseguimos chegar ao eles, estes converteranse en axentes de cambio, non podemos esquecer que ter información é ter poder. O poder de mudar o noso entorno .

Por este motivo, neste próximo curso do proxecto "*Toural Diverso. Coeducación na diversidade*" imos **fomentar** especialmente:

- A ruptura dos estereotipos desenvolvendo unha conciencia crítica.
- A reflexión sobre o consumo de pornografía.
- A implicación das familias na coeducación e que todos os axentes implicados coñezan os conceptos básicos da coeducación.
- Reflexionar sobre o uso das TIC na perpetuación de estereotipos
- O traballo con estudantes que non participaran das actividades do ano anterior.
- A **visión empoderadora**, entendendo os estudantes como **axentes de cambio**
- A procura da construción de **novas masculinidades**
- A procura de alternativas en relación as situacións desiguais de poder relacionadas co xénero e a sexualidade
- A **participación en accións conmemorativas** da contorna local, aproveitando o rol activo da Asociación de Mulleres de Vilaboa
- A colaboración da Concellería de Igualdade do Concello de Vilaboa.
- A colaboración da Cofradía "Pedra da Oliveira" para visibilizar o traballo das mulleres do mar.

A continuación imos desagregar as características mais salientables da nosa iniciativa:

● **CONTIDO TÉCNICO**

O proxecto do Toural Diverso do 2022 vai tomar como punto de partida os retos da súa implementación durante o 2021. Para iso vaise a seguir traballando con axentes do territorio local e autonómico Deputación de Pontevedra, Concello de Vilaboa, Centro de Saúde Vilaboa, Asemblea de Mocidade, Asociación de Mulleres, CIM Soutomaior. Vaise reforzar o traballo cos estudantes de 3º e 4º da ESO, o ciclo de

infantil, e tamén coas familias. Traballarase a partir de accións culturais (Canteira Fest, exposición Mulleres e sustentabilidade, selección de libros e un espectáculo) e accións educativas (a maleta dos océanos, e Encontros Educativos con distintos axentes).

● CARÁCTER INNOVADOR DO PROGRAMA

O carácter innovador do programa inclúe a implicación de axentes moi diversos na implementación do proxecto. Por unha banda contamos coa implicación da asemblea de mocidade de Vilaboa promotora do festival feminista Canteira Fest que terá no vindeiro curso a súa cuarta edición. Esta ofrecerá ao alumnado de cuarto da ESO a posibilidade de formar parte da equipa directiva promovendo así o asociacionismo da mocidade na nosa vila, a súa implicación no ámbito social, adquirindo ferramentas para o traballo en equipo e a experiencia de organizar un festival que oferta un tipo de ocio alternativo para a xuventude de Vilaboa.

Por outra banda contaremos tamén coa implicación do Comando Igualdade, con esta pretendemos que no noso concello prenda a semente a través do noso alumnado para que formen parte de esta iniciativa que ten como obxectivo sensibilizar a mocidade ao redor da igualdade real entre mulleres e homes, desaprender as condutas sexistas, por en práctica os valores de equidade, empatía e co-responsabilidade para procurar un mundo máis xusto e máis humano. Cabe destacar como valor engadido que a intervención do Comando Igualdade é entre iguais onde se manexan os mesmos códigos de linguaxe xerando así unha relación horizontal onde a comunicación resulta moi positiva, efectiva e motivante. Nesta mesma liña apostamos nesta edición por contar co recurso formativo en igualdade para a mocidade da Deputación de Pontevedra "Canteira de Igualdade", dende a ANPA comprometémonos a promover esta iniciativa e dotar de todos os medios que estean na nosa man para que salga adiante se hai interese por parte do alumnado de formarse.

O cambio de perspectiva para o proxecto Toural Diverso Coeducación nas Diversidades IV vai ser que o alumnado sexa o suxeito do cambio para transformar o mundo dende unha perspectiva de xénero.

Contaremos por primeira vez como parte das colaboracións, a través dunha acción educativa, coa Cofradía de Pescadores "Pedra da Oliveira", de Santa Cristina de Cobres(Vilaboa), na que a súa directiva está formada por mulleres, mariscadoras do noso concello, nais do noso alumnado, para visibilizar a importancia da súa profesión e o seu compromiso coa sustentabilidade dos océanos e a axenda 20-30.

Ademais destas cuestións plantexadas, todas as actividades propostas teñen en conta a súa adaptación e adecuación ao contexto das medidas necesarias para protexer a saúde no contexto da COVID19.

OBXECTIVOS

- Identificar **roles e estereotipos** de xénero nos medios audiovisuais ademais dos ligados aos xoguetes, xogos e profesión.
- Aprender os conceptos básicos da **coeducación**.
- Avanzar na prevención da **violencia de xénero**.
- **Analizar de xeito crítico** a cousificación e a hipersexualización das imaxes de mulleres.
- Reforzar a motivación das nenas e nenos para realizar **aprendizaxes etiquetadas** socialmente como do xénero contrario.
- Proporcionar modelos de relación máis **igualitarios**.
- Desenvolver unha **conciencia crítica** cara as representacións culturais de xénero.
- Evidenciar a **construción social do xénero** e fomentar a capacidade de detectar como os estereotipos de xénero se reflexan no noso entorno.
- Reflexionar sobre o **uso das TIC** na perpetuación de estereotipos e proporcionar recursos para o seu uso adecuado.
- Prover de referentes de **feminidades e masculinidades alternativas**.
- Poñer en valor as tarefas que sosteñen a vida diaria e **fomentar a corresponsabilidade**.
- Fomentar as **relacións sociais positivas e igualitarias** a partir da idea de bo trato.
- Xerar pensamento crítico e **reflexionar sobre o consumo de pornografía** e os estereotipos que transmite.
- A **linguaxe inclusiva** desde a perspectiva de xénero.
- Dar centralidade e **positivizar** os valores tradicionalmente asociados ao feminino.
- Sinais de alerta. Detección e **prevención de condutas** en relación co xénero.
- Pór en valor o papel das mulleres nos traballos do mar e da **sustentabilidade con perspectiva de xénero** a través dos seus oficios femininos centenarios.
- Dar visibilidade ás **mulleres do mar**, rachando a invisibilidade á que están sometidas.
- Favorecer a **implicación activa das familias** nunha educación libre de estereotipos:
 - Propoñendo ferramentas.
 - Favorecendo a detección temperá de comportamentos sexistas.
 - Reflexionando sobre o papel central como nais, pais ou titoras/es.

RECURSOS

Os recursos humanos cos que o proxecto *Toural Diverso, coeducación na diversidade*, contará, serán todas as persoas relatoras, o profesorado, a dirección e o persoal de administración e servizos do Centro CPI Toural e outras colaboracións voluntarias da nosa entorna .

Dispoñemos tamén de recursos materiais, tales como salas de proxección, proxector, material bibliográfico da nova biblioteca do Toural, espazo para exposición fotográfica e espazo exterior ao ar libre (e cuberto) para as presentacións en público.

O anpa Toural utiliza para difundir a súa actividade:

correo electrónico: anpatoural paxina web do CPI Toural, facebook, abalar, canal de youtube, e Whatsapp ademais das asembleas presenciais.

ESTRUCTURA DO PROGRAMA: ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

O Programa "TOURAL DIVERSO, Coeducación nas diversidades", será desenvolto no Centro educativo CPI do TOURAL (Vilaboa), e na Casa da Cultura de Riomaior (Vilaboa), nos meses de Setembro a Novembro de 2022 organizándose segundo as seguintes accións culturais (AC) e voluntarias accións educativas (AE) e remuneradas contando cos profesionais para acadar os obxectivos buscados

Accións Culturais e Colaboracións voluntarias

AXENTE/ ENTIDADE	PERSOA/S IMPLICADA/S	TIPO DE APORTACION E DESCRICION DA ACTIVIDADE
Concello de Vilaboa	Carmen Galego. Concelleira de Igualdade	Aportación de espazos e recursos técnicos municipais (Casa da Cultura de Riomaior) e de difusión do proxecto . Farase como sempre a presentación do proxecto á toda comunidade educativa e á veciñanza de Vilaboa onde participarán a Dirección do Centro escolar, a Concelleira de igualdade , a asociación de Mulleres e a asemblea da mocidade
Deputación de Pontevedra	Servicio de Igualdade Maria Lorenzo, profesora e investigadora da facultade de Ciencias de Vigo, integrante do equipo de traballo que levou a cabo esta iniciativa	AC1: SUSTENTABILIDADE EN FEMININO http://marenfeminino.campusdomar.gal/ O día da inauguración da exposición (paneis fotográficos, no corredor central da entrada principal do centro escolar) haberá unha visita guiada por ditos paneis e unha charla explicativa da comisaria da exposición para o alumnado de primaria

<p>Deputación de Pontevedra</p>	<p>Servicio de Igualdade</p>	<p>AC2:O MAR DAS MULLERES SUSTENTABLE E PRODUCTIVO http://marenfeminino.campusdomar.gal/recursos-educativos/</p> <p>“A maleta dos océanos” é unha proposta educativa que busca achegar ao alumnado o papel das mulleres do mar, rachando á invisibilidade a que están sometidas e dar a coñecer o importante papel que desenvolveron en están a desenvolver.</p> <p>Cabe salientar tamén que as mulleres ocupan gran presenza nos traballos relacionados co mar e sen embargo escasa presenza na alta dirección do sector.</p> <p>Inclúe seis propostas didácticas con temáticas adaptadas a todas as etapas educativas. Protagonizadas por unha rapaza chamada Emma, que é o fío condutor deste recurso educativo.</p>
<p>Deputación de Pontevedra.</p>	<p>Servicio de Igualdade</p>	<p>AC3:CANTEIRA DE IGUALDADE https://www.depo.gal/es/-/formacion-en-igualdade-canteira-de-igualdade</p> <p>Formación de 40 horas, que se realizará na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, No que se pretenden formar axentes de cambio feministas. Neste curso se desenvolveranse diversos módulos que abarcan os conceptos básicos de formación feminista, preparando para a formación entre iguais.</p> <p>Será ofertado para o alumnado interesado de 3º e 4º da ESO</p>
<p>Cofradía de Pescadores “PEDRA DA OLIVEIRA” de Santa Cristina de Cobres (Vilaboa)</p>	<p>Directiva da Cofradía, a súa Patroa e vocais</p>	<p>AC4:https://osmaresdabaixura.com/cofradia/cofradia-de-pescadores-pedra-da-oliveira-de-vilaboa/</p> <p>Esta cofradía consta de 85 persoas asociadas das que 64 son mulleres, moitas delas nais do alumnado do Toural., Marisqueo a pe:60 mulleres, Marisqueo a flote:4 mulleres. Cabe salientar que a súa directiva está composta por mulleres.</p> <p>A actividade consistirá nunha visita a unha aula de primaria do centro escolar para explicar a súa profesión pondo en valor o traballo realizado polas mariscadoras de Vilaboa e a súa</p>

		implicación coa sustentabilidade dos océanos
Biblioteca do CPI O Toural	Responsable da biblioteca	AC5:Selección de libros relacionados coa igualdade, a coeducación e a diversidade de xéneros e sexualidades, e exposición nun espazo resaltado e visible da biblioteca durante a duración do proxecto.
Asociación de Mulleres de Vilaboa	Xunta Directiva da Asociación de Mulleres de Vilaboa	Difusión das actividades do proxecto polas redes sociais da asociación. Incluír as accións públicas do proxecto Toural Diverso nos actos de conmemoración. Integrar ás familias e profesorado do CPI Toural nas accións de conmemoración do 8 de marzo e o 25 de novembro
Asemblea da Mocidade de Vilaboa	Representantes da Asemblea de Mocidade	AC6 Presentación do Canteira Festa aos estudantes da ESO do CPI Toural e presentacións de candidaturas para formar parte do equipo de coordinación.
Centro de saúde de Vilaboa	Matrona do centro de saúde	AC7 Charla para o alumnado de 4º da ESO sobre as enfermidades de transmisión sexual e a presentación dos recursos dispoñibles no centro de saúde sobre planificación familiar

<p>CIM de Soutomaior</p>	<p>Directora do CIM e Técnica de igualdade</p>	<p>AC8 Charla para as familias dentro da “Escola de familias” para Informalas do recurso do CIM do que forma parte o noso concello onde se realiza unha intervención global a través de asesoramento, información, apoio integral e sensibilización da comunidade para facer efectivo a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.</p> <p>Informando tamén da gratuidade deste servizo e os seus principios de respecto ás vontades das usuarias na procura das posibles solucións é garantindo a súa confidencialidade.</p>
<p>Comando a Igualdade https://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandrebove-da/node/504</p>	<p>Grupo de estudantes do Comando e unha docente.</p>	<p>AC9:Un obradoiro de dúas sesións(120 minutos) co alumnado de 4º da ESO no centro escolar.</p> <p>O Comando está formado por rapaces e rapazas de diferentes idades, identidades, orientacións sexuais e traxectorias vitais. Conversarán e reflexionarán conxuntamente coa rapazada de 4º da ESO sobre o que lles afecta directamente (estereotipos, machismo, sexualidades, diversidade...). Ademais, o noso alumnado terá a posibilidade de seguir formándose e de pertencer a este Comando.</p>
<p>ANPA O TOURAL</p>	<p>Equipo directivo da ANPA</p>	<p>Difusión no facebook, no Apartado da ANPA da páxina web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/cpitoural/taxonomy/term/14 a través do correo electrónico das socias e socios e a través do abalar para todas as familias, de recursos audiovisuais para as familias (vídeos de youtube e podcast en materia de igualdade).</p> <p>canal youtube “comando igualdade” https://www.youtube.com/channel/UCgbYk51Pu5dwQwgUbeVp_6w</p> <p>canal youtube : A “ escola familias CPI Toural” : https://www.youtube.com/channel/UCx_eyWmfr5_2LR5NEwF6SYA</p> <p>podcast educación afectivo-sexual dentro da familia por Maria Luisa Abad https://youtu.be/_bMfOdcFiDA</p>

Accións Educativas e Remuneradas

ACCIÓN EDUCATIVA	PARTICIPANTES	TEMPO	ORGANIZA/ IMPARTE	RESUMEN DOS OBXETIVOS
AE1.-Ferramentas Top! para aprender unha sexualidade con sentimento'. (Anexo I)	INFANTIL DE 3-6 AÑOS (1 GRUPO)	3 horas/ 2 ou 3 sesións	HADRIANA ORDOÑEZ	Traballar nun modelo de educación sexual baseado nos valores do pracer, a responsabilidade, o amor desde o coidado, a diversidade e o feminismo.
AE2.-Contando e criando cara a Igualdade. (Anexo II)	1º e 3º primaria (2 GRUPOS)	3 sesións	MIGALLAS TEATRO	Identificar inxustizas ou conflitos cara as nenas e mulleres e buscar e ensaiar a maneira de abordalas Coñecer que é a discriminación de xénero e posicionarse. Reflexionar sobre os roles de xénero as ideas que amosan respecto ás composición das familias e roles. (..)
AE3.-Poñendo as gafas moradas, graduándonos contra a desigualdade (ver Anexo III)	2º e 4º PRIMARIA (3 GRUPOS)	240 min 4 sesións	AMARA PÉREZ	Fomentar o pensamento crítico das nenas e nenos para favorecer un crecemento libre de estereotipos sexistas
AE4.-Redes e igualdade: Mirada crítica sobre os usos de internet , as novas tecnoloxías e as redes sociais (Anexo IV)	5º y 6º primaria 1º Y 2º ESO (6 GRUPOS)	180 min en 3 días o sesións	AMARA PÉREZ	Xerar colectivamente unha mirada crítica das novas tecnoloxías e fomentar un uso máis seguro, libre e igualitario
AE5.- Por No(n) educar (Anexo V)	3º ESO (2 GRUPOS)	110 min	CON MUCHO GUSTO Sabela Maceira	Xerar pensamento crítico e reflexionar conxuntamente sobre o consumo da pornografía e os estereotipos que transmite , tratando de desmontar a súa influencia na educación sexual

<p>AE6.-Princesas, influencers e masculinidades disidentes (Anexo VI)</p>	<p>4º ESO (2 GRUPOS SEPARADOS ENTRE NENOS E NENAS)</p>	<p>120 min</p>	<p>Priscila Retamozo e Pepe Cabido</p>	<p>Animar ás rapazas a analizar con perspectiva crítica a cousificación e hipersexualización das imaxes relacionadas coas mulleres. Animar aos rapaces a renunciar a determinados privilexios entendendo que esas renuncias vailles facer máis felices e os vai achegar aos seus compañeiros e compañeiras. Propor desde a educación afectivo-sexual outros modelos de relación, referentes mais igualitarios e empoderar para que entendan as rrss como ferramentas para o cambio social.</p>
<p>Redes e igualdade: Mirada crítica sobre os usos de internet , as novas tecnoloxías e as redes sociais (Anexo VII)</p>	<p>Escola de familias 1 GRUPO</p>	<p>180 min</p>	<p>AMARA PÉREZ</p>	<p>Achegar ás persoas adultas o uso que fai a poboación moza das novas tecnoloxías e o contido que consumen, co fin de adaptar a educación as retos que plantexan as TIC en termos de igualdade</p>

ANEXOS: PROXECTOS E ORZAMENTOS


Anexo I AE1: Ferramentas Top! para aprender unha sexualidade con sentimento

CONTIDOS: Traballaremos un modelo de educación sexual baseado nos valores do pracer, a responsabilidade, o amor desde o coidado, a diversidade e o feminismo.

DURACIÓN: 3h

DESCRIPCIÓN: durante esta actividade, achegaremos ao alumnado un espazo no que compartan cales son as súas principais dúbidas/inquedanzas en relación á súa sexualidade. Darémoslles voz para sentir e comprobar que as preocupacións son e artellaremos solucións tendo en conta a toda a aula. Falamos de: igualdade de xénero, interseccionalidade, afectividade, educación, diversidade e a comunicación efectiva.

Para realizar todo o traballo, utilizamos libros que están recollidos na biblioteca da Escola Galega de Educación Sexual. Elixiremos varios deles e traballamos con eles fisicamente na aula. En concreto, é esta a selección: <https://www.pinterest.es/escolademeu/sexualidade/>





Hadriana Ordóñez Otero
NIF: 53484453T
Rúa Punta Fincheira N10 1C

CP.15920 Rianxo
Provincia de A Coruña,
Galicia.

ANPA CEIP O Toural

CIF: 365787220
Rúa Toural, nº34
CP. 36141, Vilaboa
Provincia de Pontevedra
Galicia.

Orzamento
Rianxo, 19 Abril do 2022

Anexo II: AE2: Contando e creando cara á igualdade

CONTANDO E CREANDO CARA Á IGUALDADE

É unha sesión de contos e actividades dramáticas orientadas a rapazas e rapaces de Educación Infantil e Primaria.

Os contos propostos traballan a igualdade entre nenas e nenos, a integración, a perspectiva de xénero, os estereotipos e as novas masculinidades.

ORGANIZACIÓN

A actividade será organizada pola ANPA DO TOURAL e coordinada por Migallas Teatro.

PARTICIPANTES

Realizarase a actividade cos cursos de 1º e 3º de primaria, cada aula participará individualmente e non haberá contacto entre os grupos.

OBXECTIVOS

- Discriminar inxusticias ou conflitos cara as nenas e mulleres e buscar e ensaiar a maneira de abordalas.
- Coñecer que é a discriminación de xénero e posicionarse.
- Reflexionar sobre os roles de xénero
- Descubrir as ideas que manexan respecto á composición das familias e roles.
- Analizar o reparto de tarefas do fogar e abogar porque sexa mais equitativo.
- Observar a súa idea da organización social das tarefas.
- Experimentar o que ocorre no entorno laboral, darnos conta que non hai traballos “de homes” e “de mulleres”
- Analizar as imaxes de masculinidade e feminidade que se nos presentan como modelos.
- Observar os roles de xénero e ver a súa evolución nas últimas xeneracións.
- Descubrir expresións sexistas e cuestionalas. Buscar as maneiras dunha linguaxe inclusiva e respetuosa.

METODOLOXÍA

Por una parte utilizaremos o valor pedagóxico da lectura, xa que as experiencias narradas, reais ou ficticias, ábrennos expectativas de vida que poden fortalecernos persoalmente, ofrecendo posibilidades de aprendizaxe social e de desenvolvemento persoal.

Toda lectura é interpretación, e esas diferentes maneiras de ser lida, dependen das experiencias, o coñecemento, o contexto, a situación da lectora ou lector, da súa identificación coa situación e os/as personaxes e da mobilización emocional que esa lectura lles produza.

Pensamos que os contos poden ser, polo tanto, unha oportunidade para achegarse ás temáticas da igualdade entre homes e mulleres, a educación para a cidadanía global e a solidariedade.

Dada a súa enorme importancia no desenvolvemento das nenas e nenos, na segunda parte da actividade utilizaremos o xogo dramático para tratar temas de igualdade dende a acción, promovendo un cambio de actitudes favorable a un modelo de convivencia máis igualitario e equitativo entre os xéneros.

Utilizaremos o xogo dramático para analizar os roles de xénero, xa que o teatro e a improvisación espontánea e libre, poñen sobre a mesa a realidade que viven os/as participantes e, por outra parte, invitaremos os nenos e nenas a reflexionar sobre distintas cuestións como: o repartimento de tarefas no fogar, a elección de profesións... e estimularemos a comunicación e interacción entre eles/elas.

Realizaremos unha sesión similar ás que vimos levando a cabo na Escola de Teatro do Concello de Vilaboa, actividade que Coordina a compañía Migallas Teatro e que leva en funcionamento varios anos, enfocándoa hacia a temática da igualdade.



Migallas Teatro, S.L. CIF: B36258770

Rúa Erin 2, 4º C 36162 - Pontevedra

Tel.: 986 86 47 57 / 630 872 668

migallas@migallas.gal

www.migallas.gal

ORZAMENTO

Cliente

ANPA O toural

Concepto

3 sesións da actividade “Contando e creando cara á igualdade”

Descrición e prezos:

“Contando e creando cara á igualdade” é unha sesión de contos e teatro onde se aborda a cuestión da igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

Durante a sesión, as nenas e nenos utilizarán o xogo dramático e o teatro para tratar temas de igualdade dende a acción.

Tamén se anima a desenvolver as capacidades creativas das nenas e nenos sen ningún tipo de traba e de ideas preconcebidas.

Está dirixida a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos.

Anexo III. AE3: Poñendo as gafas moradas, graduándonos contra a desigualdade.

“Poñendo as gafas moradas: graduándonos contra a desigualdade”

Público destinatario:

2º e 4º de Primaria

Duración do obradoiro:

240 minutos repartidos en catro sesións.

Introdución

Na infancia construímos a mirada coa que vemos o mundo. A construír esa mirada contribúen os xogos, os contos ou as películas que consumimos nesta etapa da vida. A meirande parte reproducen unha maneira concreta de vivir na sociedade segundo o sexo: de ser neno ou nena, rapaz ou rapaza, home ou muller... Ou o que é o mesmo: a masculinidade e a feminidade; que nos ensinan que é o que se espera de nós desde ben cedo.

Este obradoiro pon o foco na deconstrución desa mirada mediada polo sexismo, xerando un espazo no que nenos e nenas, a partir do xogo e a vivenza na aula, exploren a súa identidade persoal como individuos/as libres, máis aló das expectativas de xénero.

OBXECTIVOS

- Identificar estereotipos de xénero ligados aos xoguetes, xogos e profesións.
- Reforzar a motivación das nenas e nenos para realizar aprendizaxes etiquetadas socialmente como do xénero contrario.
- Evidenciar a construción social do xénero e fomentar a capacidade de detectar como os estereotipos de xénero se reflexan no noso entorno.
- Poñer en valor as tarefas que sosteñen a vida diaria e fomentar a corresponsabilidade.
- Fomentar as relacións sociais positivas e igualitarias a partir da idea do bo trato.

Metodoloxía didáctica

Os contidos deste obradoiro abórdanse a partir de:

- * Dinámicas grupais e xogos.

- * A lectura de contos e a reflexión sobre os mesmos a partir de dinámicas vivenciais.

Contidos

MÓDULO 1. ÁMOME: AUTOESTIMA E AUTOCONCEPTO

1. O buzón das palabras fermosas.

MÓDULO 2. ROLES E ESTEREOTIPOS DE XÉNERO: XOGOS, CORES E PROFESIÓNS

1. Para gustos... Cores!
2. Xogamos?
3. Moito por facer: as profesións.

MÓDULO 3. COIDADO E CORRESPONSABILIDADE NO FOGAR

1. Adivina que! Poñendo en valor os coidados.

Recursos materiais

Material didáctico

- Fichas didácticas.
- Folios e cartulinas.
- Lápices de cores.

Material informático e audiovisual

- Ordenador portátil
- Canon de vídeo

Metodoloxía didáctica

O alumnado xera coñecemento a partir da **análise crítica de materiais audiovisuais** populares na súa franxa de idade e recoñecibles para a mesma: fragmentos de series e películas, minixogos populares, anuncios de xoguetes, etc. Ademáis realízanse **dinámicas grupais** para reflexionar sobre os contidos do obradoiro a partir da experiencia vivida no mesmo.

Contidos

MÓDULO 1. ROLES E ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA CULTURA POPULAR

1. Ollar as nosas series favoritas con gafas moradas.
2. Xoga que te xoga: estereotipos nos videoxogos online.

MÓDULO 2. O AMOR NA CULTURA POPULAR: "AMOR ROMÁNTICO" E "AMOR DISNEY"

1. Os mitos do amor romántico.
2. Salvadas e salvadores: roles e estereotipos de xénero no cine.

MÓDULO 3. ÁMOME: AUTOESTIMA E AUTOCONCEPTO

1. Un buzón de palabras fermosas.
2. O meu corpo é un refuxio.

Recursos materiais

Material didáctico

- Fragmentsos de películas, series e anuncios.
- Fichas didácticas.
- Rotuladores de cores.

Material informático e audiovisual

- Ordenador portátil
- Canon de vídeo

Orzamento

Acción		
Obradoiro Igualdade	Unidades	Duración
<i>Gafas moradas</i>	3*	240 min.

*Contabilízase:

Curso	Nº grupos
<i>2º Primaria</i>	1
<i>4º Primaria</i>	2
Total	1

Anexo IV. AE4: Redes e igualdade: miradas críticas sobre os usos de internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais". Para o alumnado



“Redes e igualdade: Miradas críticas sobre os usos de internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais”

Persoas destinatarias:

*1º, 2º ESO
5º, 6º Primaria*

Duración do obradoiro:

180 minutos (distribuídos en dúas/tres sesións).

Introdución

Este obradoiro achega unha perspectiva crítica das representacións de xénero e do machismo cotiá, aterrada nunha realidade próxima ao alumnado: os espazos virtuais. Para isto, a formación propón a análise crítica dos contidos que consume a mocidade mediante as novas tecnoloxías, centrándonos nas redes sociais -*instagram* e *tiktok*- e videoxogos -*fortnite*, *GTA*- populares, para abordar temáticas como a reprodución da feminidade e masculinidade tradicionais, a hipersexualización das mulleres ou as conductas sexistas cotiás. Percorreremos tamén as novas formas de machismo virtual ás que o alumnado está exposto no seu día a día, para concienciar ao redor das ciberviolencias e crear unha mirada crítica que permita facer un uso máis seguro, libre e igualitario das mesmas.

OBXECTIVOS:

- Identificar roles e estereotipos de xénero nos medios audiovisuais.
- Desenvolver unha conciencia crítica cara as representacións culturais do xénero.
- Reflexionar sobre a perpetuación de estereotipos sexistas no uso das TIC.
- Reflexionar sobre o uso das TIC como ferramentas para perpetuar actitudes sexistas e violencias machistas, e proporcionar recursos para seu o uso adecuado.
- Prover de referentes de feminidades e masculinidades alternativas.

Obxectivo xeral

- Xerar pensamento crítico e reflexionar conxuntamente sobre o consumo da pornografía e os estereotipos que transmite, tratando de desmontar a súa influencia na educación sexual.

Obxectivos específicos

- Explicar conceptos básicos relacionados coa sexualidade.
- Proporcionar información clara e rigorosa sobre os mitos e estereotipos que transmite a pornografía, diferenciando entre realidade e ciencia ficción.
- Reflexionar sobre o impacto deste tipo de contidos sobre o desenvolvemento a idades temperás e a importancia de respectar o límite de idade de 18 anos.
- Estimular o pensamento crítico sobre tipo de contidos e mensaxes que transmite a pornografía.

Metodoloxía didáctica

Os contidos do obradoiro abórdanse das seguintes maneiras:

- A partir da análise crítica de **materiais audiovisuais populares entre o alumnado**, o que permite repensar a realidade desde aquilo que xa coñecemos e ser conscientes das formas que toma o machismo no cotiá.
- A partir do uso do software *Mentimeter* que fomenta a participación activa do alumnado a partir do **uso pedagóxico das TIC**. Para isto será necesario o uso de ordenadores/teléfonos móbiles con acceso a internet. De non ser posible o uso destes dispositivos adaptaranse as dinámicas.

Contidos

MÓDULO 1. INTRODUCCIÓN Á CONCEPTOS BÁSICOS

MÓDULO 2. REDES E NOVAS TECNOLOXÍAS

1. *Youtubers, tiktokers e instagramers*: novas tecnoloxías, vellos estereotipos.
2. *Likes*: a dictadura da imaxe e a hipersexualización das mulleres nos medios audiovisuais.
3. *Gamers e gaming ladies*: machismo nos videoxogos.
4. *Pornonativ@s*: construíndo a sexualidade nas pantallas.

MÓDULO 3. VIOLENCIAS MACHISTAS VIRTUAIS

1. *Sexpreading*: dberdelitos sexistas contra a intimidade.
2. *Control 2.0*: violencia de xénero en entornos dixitais.

MÓDULO 4. TECENDO REDES

1. Estratexias de prevención da violencia machista nas TIC.
2. Boas prácticas: referentes de diversidade nas redes sociais.

Recursos materiais

Material didáctico

Fragmentos de películas e series de televisión

Software *Mentimeter*

Material informático e audiovisual

Ordenador portátil

Canon de vídeo

Teléfonos móbiles/ordenadores

Orzamento

Acción

Obradoiro Igualdade	Unidades	Duración
<i>Redes e igualdade</i>	6*	180 min.

*Contabilízase:

Curso	Nº grupos
<i>5º Primaria</i>	1
<i>6º Primaria</i>	1
<i>1º ESO</i>	2
<i>2º ESO</i>	2
Total	6

Anexo V . AE5 Por No(n) educar.



con mucho gusto!

CENTRO DE SEXOLOGÍA

PorNo(n) Educar

O material audiovisual pornográfico é unha ficción, pero as carencias formativas en educación sexual no sistema regrado fan que se entendan coma representacións da realidade e polo tanto modelos a seguir nas relacións eróticas. A falta de educación sexual no sistema educativo, as carencias educativas no uso das novas tecnoloxías e a desprotección da infancia ante contidos que non son aptos para o seu desenvolvemento, fan imprescindibles accións educativas que poidan paliar estas carencias e impedir ou amortecer o impacto dos contidos non aptos para menores que chegan aos seus dispositivos. As estatísticas amosan que arredor do 60% das rapazas e o 90% dos rapaces menores de dezaioito anos viron pornografía nalgún momento, polo que é preciso falar nas aulas desta temática.

Antes do boom de internet e dos dispositivos dixitais era máis difícil que persoas menores accedesen a este tipo de contidos adultos. Hoxe en día, pese a configuración de control parental nos sistemas operativos dos dispositivos para restrinxir o acceso a este tipo de contidos, seguen recibíndoos ou accedendo a eles a idades inadecuadas. Estes materiais poden ser altamente impactantes para as criaturas que non teñen un desenvolvemento cerebral que lles permita entendelos e integralos.

Esta actividade ten como propósito proporcionar ao alumnado un acompañamento adulto con formación en sexoloxía. Abrir canles de comunicación nos centros educativos para que saiban que son lugares onde poden falar destes temas, resolver dúbidas e buscar axuda. Trátase de xerar un espazo seguro de non xuízo onde se poidan expresar. A través do diálogo, o debate e o coñecemento informado, búscase estimular o pensamento crítico e proporcionar ferramentas para que poidan vivirse o mellor posible neste contexto social que lles toca vivir. Cumprindo sempre cos obxectivos da educación sexual integral: coñecerse, aceptarse e expresarse de xeito satisfactorio. Tendo como eixes o amor, a empatía, o respecto e o botrato.



OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

- Xerar pensamento crítico e reflexionar conxuntamente sobre o consumo da pornografía e os estereotipos que transmite, tratando de desmontar a súa influencia na educación sexual.

Obxectivos específicos

- Explicar conceptos básicos relacionados coa sexualidade.
- Proporcionar información clara e rigorosa sobre os mitos e estereotipos que transmite a pornografía, diferenciando entre realidade e ciencia ficción.
- Reflexionar sobre o impacto deste tipo de contidos sobre o desenvolvemento a idades temperás e a importancia de respectar o límite de idade de 18 anos.
- Estimular o pensamento crítico sobre tipo de contidos e mensaxes que transmite a pornografía.
- Identificar que tipo de modelos, corpos, roles de xénero e erótica se transmiten a través dos medios de comunicación e en concreto da pornografía, e como isto inflúe nos nosos vínculos e na nosa sexualidade.
- Visibilizar e poñer en valor a diversidade.
- Reflexionar acerca do consentimento e das relacións desexadas.
- Concienciar da importancia de empregar métodos de protección nas relacións eróticas.
- Incidir sobre a importancia de aprender a identificar e xestionar as emocións, e como estas están intimamente relacionadas coas prácticas eróticas.
- Dar a coñecer os dereitos sexuais e aprender a detectar cando estes se vulneran.
- Promover un modelo relacional baseado no botrato e nos cuidados.
- Expor novas preguntas vinculadas ao tema e buscar en conxunto as respostas.

METODOLOXÍA

Os contidos serán expostos de xeito claro e ameno, acompañados dunha presentación de PowerPoint. Neste obradoiro búscase a participación activa do alumnado, estimulando a reflexión grupal, o debate e a formulación de preguntas. A través dunha dinámica de verdadeiro ou falso promóvese o pensamento crítico e a busca de respostas e conclusións en grupo.

Ao remate da actividade faise unha enquisa de avaliación ao público participante e envíase un informe dos resultados ao centro.



DURACIÓN

O obradoiro ten unha duración de 2 horas lectivas (entre 100 e 110 minutos) A realizar en aula natural.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado a partir do segundo ciclo da ESO.

IMPARTE

Sabela Maceira Mato

Educadora social pola USC e Máster Oficial en Sexoloxía: educación sexual y asesoramiento sexolóxico polo Instituto Universitario de Sexología da Universidad Camilo José Cela en Madrid. Dende que empezou a traballar en Con mucho gusto! no ano 2018 realizou multitude de actividades de educación sexual, actividades de divulgación sexolóxica e obradoiros en múltiples ámbitos (centros educativos, CIMS, concellos, asociacións, residencias, etc.)



Factura proforma
Martina González Veiga

NIF: 32686029Q
Praza Roxa, 6 2º B 15701 Santiago de Compostela
676 649 930
admon@conmuchogustosexologia.com
martinagonzalezveiga.com

Número de Factura	PF017/2022
Data	05/04/2022
Cliente	Anpa CEIP O Toural
CIF/NIF	G36578722O
Cliente	Calle Toural, 34 -- C.P. 36141 Vilaboa (Pontevedra)

Servizo	Importe
<p>Acción formativa: PorNo(n) Educar</p> <p>2 Relatorios (4 horas lectivas) De bo rollo! para 3º ESO Desprazamento 1 xornada</p> <p><small>*Actividade Exenta de IVE, según se establece no artigo 20.1.9º da Lei 37/1992 do 28 de decembro</small></p>	

Ishai Bravo Alarcón
Resposable de Administración



Anexo VI. AE6: Princesas, influencers e masculinidades disidentes.





INTRODUCCIÓN

As redes sociais supuxeron un cambio na forma en que a mocidade exprésase, comunícase, relacionase e interactúa, outorgando ao mundo virtual un amplo espazo nas súas vidas persoais. Non obstante non afecta do mesmo xeito a homes e mulleres. O modelo de feminidade nas redes continúa a socialización diferencial por sexo que comeza na infancia e o continua na xuventude e idade adulta. Neste obradoiro traballaremos coas mozas os conceptos fundamentais da teoría feminista aterrados na súa realidade específica a través de dinámicas e comunicación participativa.

Utilizando a perspectiva crítica respecto das redes sociais e a representación feminina nelas aprendemos a ver o machismo, que se reproducen tamén no mundo virtual de xeito sutil. No obradoiro alentaremos a adquisición de posicionamentos críticos, proporcionaremos referentes novos e animaremos a crear contidos que dean conta de realidades máis plurais, diversas e igualitarias.





INTRODUCCIÓN

A socialización diferencial tamén reserva para os rapaces unha serie de mandatos que van interiorizando a través da comunicación cos seus iguais, dos seus referentes en videoxogos, streamers, en produtos audiovisuais, etc.







Os obradoiros segregados por sexo permiten aos alumnos ter un espazo seguro onde poder desaprender conductas machistas, dende as máis íntimas ás máis obvias sen as mesmas resistencias que amosan en presenza das súas compañeiras.

Ao longo da sesión, a través de dinámicas participativas, vaise ir deconstruíndo a masculinidade patriarcal. Entendemos esta como un modo moi rixido de construción como varón, en relación co poder cara á muller, co éxito, coa predisposición pública, coa imposibilidade de fallar, cunha heterossexualidade compulsiva... O obxectivo é ver como podemos ter formas alternativas a esta maneira de construírnos como homes e que nos fagan ser máis felices, incorporando aspectos de coidado e aspectos emocionais.












OBXECTIVOS

-  Aprender os conceptos básicos da coeducación
-  Observar e reflexionar dende unha perspectiva feminista sobre o uso das redes sociais.
-  Avanzar na prevención da violencia de xénero, contrarrestando as formas, mensaxes e actitudes aprendidas de forma cotiá, que abonan o terreo para as relacións de desigualdade e que fomentan actitudes violentas.
-  Animar ás rapazas a analizar con perspectiva crítica a cousificación e hipersexualización das imaxes relacionadas coas mulleres.
-  Animar aos rapaces a renunciar a determinados privilexios entendendo que esas renuncias vailles facer máis felices e os vai achegar aos seus compañeiros e compañeiras-
-  Propórllle dende a educación afectivo sexual outros modelos de relación, referentes máis igualitarios e empoderar para que entendan as rr.ss. como ferramentas para o cambio social.

COMPETENCIAS

-  Capacidade de análise crítica
-  Identificación das relacións afectivas como procesos de potenciación das capacidades mutuas e non como fontes de dominio e submisión
-  Apoderamento

CONTIDOS


-  Marco Conceptual: sexo; xénero; orientación sexual; identidade de xénero; feminismo; patriarcado; micromachismos; coidados e diversidade.
-  Feminidade hexemónica e deconstrución dos modelos sexistas, masculinidade patriarcal e construción de novos referentes masculinos.
-  Amor romántico
-  Sexualidade sá



METODOLOXÍA E ORZAMENTO

A través de dinámicas participativas iremos introducindo temas e conceptos para ir xerando coñecementos compartidos dende a experiencia vivida e a participación colectiva.

Neste caso a posibilidade de traballar por separado coas alumnas por un lado e os alumnos por outro, nos permiten unha participación que traballe tanto o marco conceptual como o empoderamento e autoestima.



PRESENTACIÓN

Priscila Tamara Retamozo Ramos

Politóloga pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster de Igualdade de Xénero na Universidade de Málaga. Especializada en coeducación, violencia contra as mulleres e políticas públicas con perspectiva de xénero.

Experiencia como Asistente Técnica en ONU Mujeres Ecuador, organismo de Nacións Unidas adicado a promover a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres. Coordinadora do Comando Igualdade.

Actividade profesional impartindo cursos, obradoiros e ponencias para a sensibilización e a prevención da violencia de xénero, o fomento do bo trato e a coeducación.

Xose Cabido (Pepe Cabido)

Mestre de Filosofía no ensino secundario, dende o 2014 imparte obradoiros de igualdade dirixidos a rapaces varóns, especialmente entre os 14 e os 16 anos.

Anexo VII: AE7 Redes e igualdade: miradas críticas sobre os usos de internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais". ESCOLA DE FAMILIAS. (modalidade presencial e en streaming)

Metodoloxía didáctica

O obradoiro toma a forma dunha exposición do contido a través da análise crítica de diferentes materiais (debuxos animados, series, películas, contos, personaxes, contido de redes sociais, etc.) populares nas diferentes etapas vitais desde a infancia ata a adolescencia.

O contido e o material empregado como soporte adaptarase ao ciclo educativo ao que pertenza a Anpa e ás necesidades especeíficas do mesmo.

Contidos

MÓDULO 1. PORQUE COEDUCAR? MARCO CONCEPTUAL

1. Estereotipos, roles de xénero e orientación sexual.
2. A socialización diferencial desde a infancia ata a adolescencia.

MÓDULO 2. CRIANZA LIBRE DE SEXISMO

1. Os retos das familias.
2. Coeducar no cotiá.
3. Educación sexoafectiva no fogar.

MÓDULO 3. BOAS PRÁCTICAS E RECURSOS

1. Ferramentas prácticas para a educación en igualdade

Recursos materiais

Material didáctico

- Folios
- Bolígrafos
- Fragmentos de películas e series de televisión

Material informático e audiovisual

- Ordenador portátil
- Canon de vídeo

Orzamento

Acción		
Obradoiro Igualdade	Unidade	Duración
<i>Obradoiro Anpas</i>	1	180 min.